

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 4 DE OUTUBRO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Decreto polo que se dispón que cese María Jesús Lorenzana Somoza como secretaria xeral Técnica
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral Técnica a Carmen Bouso Montero
- Decreto polo que se dispón que cese Ana María Díaz López como directora xeral de Patrimonio Natural
- Decreto polo que se nomea como directora xeral de Patrimonio Natural a Belén do Campo

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se dispón o cese de Roberto Rodríguez Martínez como director de Augas de Galicia
- Decreto polo que se nomea como directora de Augas de Galicia a Teresa María Gutiérrez López

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Decreto polo que se nomea secretario xeral Técnico a Manuel Vila López

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Decreto polo que se nomea director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade a Ildefonso de la Campa Montenegro

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se dispón o cese de Carmen Bouso como secretaria xeral Técnica
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral Técnica a María Jesús Lorenzana Somoza
- Decreto polo que se dispón o cese de Belén do Campo como directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
- Decreto polo que se nomea director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias a Silvestre José Balseiros Guinarte

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se crea e regula o Sistema de Información dos Diagnósticos de Infección polo Virus da Inmunodeficiencia Humana de Galicia (SIDIVIHG).

## **MOCIÓNS E PROPOSTAS**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Declaración institucional do Goberno da Xunta de Galicia en prol da protección e benestar dos animais de compañía e pola loita contra o seu abandono e maltrato.

## **ACORDOS**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Atletismo para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2018, por importe de dez mil euros (10.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Ciclismo, para a realización do

programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2018, por importe de sesenta mil euros (60.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Surf para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2018, por importe de oitocentos dez euros (810,00€).

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se aproba o Proxecto integrado centro Vialia estación de Vigo (fase 1) e terminal de autobuses, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación da obra da pasarela peonil na estación de Santiago de Compostela, cun valor estimado de catro millóns seiscentos quince mil oitocentos corenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (4.615.847,62€) e un importe de cinco millóns cincocentos oitenta e cinco mil cento setenta e cinco euros con sesenta e dous céntimos (5.585.175,62€), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre “DigiTalent. Plan de promoción do talento dixital de Galicia 2020”.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a posta en marcha do Plan de formación 2018-2019 para persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Informe sobre as primeiras resolucións das licitacións da fase B do polo tecnolóxico e industrial de Rozas.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe da evolución da campaña de vacinación antigripal 2018.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe das eleccións a confrarías de pescadores de Galicia 2018.

---

## **APROBADO O DECRETO DE ESTRUCTURA ORGÁNICA DA XUNTA QUE REFORZA ÁREAS PRIORITARIAS PARA O FUTURO DA NOSA COMUNIDADE**

- ***Crease a Consellería de Cultura e Turismo e reordenase as competencias das consellerías de Educación, Universidades e Formación Profesional, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Infraestruturas e Mobilidade***

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que foi publicado xa no Diario Oficial de Galicia o pasado 27 de setembro, tendo en conta o criterio de eficacia que debe inspirar a actuación e a organización administrativa, reforzando áreas prioritarias para o futuro da nosa comunidade

A optimización dos recursos públicos, a eficacia na xestión, a racionalización, o logro da máxima coordinación e a mellora continua son principios básicos que guían a actuación do Goberno galego polo que co fin de adaptar a estrutura orgánica á situación actual de Galicia e impulsar o crecemento económico, o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, establece unha nova estrutura reforzando aquelas áreas mais necesarias para o axeitado desenvolvemento de Galicia.

Crease a Consellería de Cultura e Turismo e reordenase as competencias das consellerías de Educación, Universidades e Formación Profesional; Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; e Infraestruturas e Mobilidade.

Na nova consellería de Cultura e Turismo intégranse a Axencia de Turismo de Galicia, os órganos con competencia en materia de patrimonio e os relacionadas coa defensa e promoción da lingua galega. Intégranse a dirección xeral de Políticas Culturais, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, ademais de adscribirse a Axencia de Turismo de Galicia.

Na consellería de Infraestruturas e Mobilidade unífanse as competencias relativas a obras públicas incorporando infraestruturas hidráulicas, coa incorporación de Augas de Galicia.

Na consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda agrúpanse xunto as competencias de urbanismo e paisaxe as relacionadas coa vivenda e rehabilitación, adscribíndose a esta consellería o Instituto Galego de Vivenda e Solo

Na Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional reforzase este tipo de ensinanzas e dáselle a visibilidade e a capacidade de xestión que esixe a empregabilidade . Adscríbese a esta consellería a Axencia para a Calidade do Sistema

---

Universitario de Galicia adscríbese á Consellería con competencias en materia de universidade.

---

## **CARMEN BOUSO MONTERO É NOMEADA SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Substitúe no cargo a María Jesús Lorenzana Somoza

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Carmen Bouso Montero secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en substitución de María Jesús Lorenzana Somoza.

Bouso Montero é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e na actualidade estaba ao fronte da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, cargo ao que accedeu en 2015.

Antes de ocupar o seu posto actual, Carmen Bouso tamén foi directora xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar (entre outubro de 2014 e outubro de 2015) e directora xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca (entre outubro de 2003 e agosto de 2005).

Así mesmo, foi letrada do Consello Consultivo de Galicia en situación de comisión de servizos entre abril e outubro de 2000 e foi nomeada en maio de 1995 e maio de 1997 xefa do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo.

Con anterioridade a estes cargos, tamén ocupou diversos postos de responsabilidade como letrada da Xunta de Galicia.

---

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE BELÉN DO CAMPO COMO DIRECTORA XERAL DE PATRIMONIO NATURAL**

- *Cesa no seu cargo Ana María Díaz López, quen ocupaba este posto ata o momento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Belén María do Campo Piñeiro directora xeral de Patrimonio Natural, cargo no que substitúe a Ana María Díaz López, quen ocupaba esta responsabilidade desde o ano 2015 e cuxo cesamento tamén foi aprobado hoxe.

Do Campo é diplomada en Educación Xeral Básica e na actualidade estaba ao fronte da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias na Consellería do Medio Rural, cargo ao que accedeu en novembro de 2015.

Deputada no Congreso na década dos 90, senadora entre 1996 e 2008 e deputada do Parlamento de Galicia na IX lexislatura, Belén do Campo foi tamén delegada territorial da Xunta na provincia da Coruña entre os anos 2011 e 2015.

---

## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A TERESA GUTIÉRREZ DIRECTORA DE AUGAS DE GALICIA**

- *Substitúe no posto a Roberto Rodríguez Martínez, que ocupaba este cargo desde novembro de 2015*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se nomea a Teresa María Gutiérrez López como nova directora do organismo público Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade desde a recente remodelación do Goberno galego.

Teresa Gutiérrez substitúe na dirección de Augas de Galicia a Roberto Rodríguez Martínez, que ocupaba este cargo desde novembro de 2015, e cuxo cesamento foi aprobado tamén hoxe polo Consello da Xunta.

Teresa Gutiérrez López é enxeñeira de Camiños, Canais e Portos pola Escola Superior de Santander e a súa traxectoria profesional está vencellada á xestión da auga na Administración autonómica desde o ano 2003, en que ingresou na Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

No ano 2005 accedeu por oposición ao posto de xefa do departamento da Oficina Técnica do organismo hidráulico autonómico e actualmente viña desenvolvendo as mesmas funcións en Augas de Galicia.

Ademais, ocupou entre 2013 e 2014 a Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo e exerceu como concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible no Concello de Santiago.



---

## MANUEL VILA LÓPEZ, NOVO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- *Ata o momento era subdirector xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado*

O consello da Xunta aprobou o decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da nova Consellería de Cultura e Turismo a Manuel Vila López. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, desde 1993 pertence ao Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia e ten o diploma directivo da mesma. Ata o seu nomeamento como secretario xeral técnico exercía como subdirector xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado da anterior Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Na súa carreira administrativa, Manuel Vila traballou en distintos departamentos con responsabilidades no desenvolvemento de proxectos vinculados tanto á área educativa e social como en áreas económicas de planificación e implantación de redes de transporte. Deste xeito, foi xefe de servizo de Xestión de Servizos Educativos Complementarios (1996-2002); subdirector xeral de Familia (2002-2009); xefe de servizo de Xestión Económica, coordinador de Plans de Transporte Metropolitano (2009-2010); e desde outubro de 2010 desenvolveu o seu labor profesional como subdirector xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado.

Nesta última etapa foi responsable do desenvolvemento de programas nos ámbitos da innovación educativa, da educación dixital, do plurilingüismo, da atención á diversidade e da ordenación académica. Como responsable de formación permanente do profesorado en Galicia participou en múltiples actividades formativas como relator e en diferentes publicacións.

Así mesmo, formou parte de distintos grupos de traballo no marco do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas y Formación del Profesorado e de outros organismos e unidades do Ministerio de Educación, Ciencia y Deporte. No campo da internacionalización representou ás comunidades autónomas de España en 2017 no Comité Erasmus+ e participou en diferentes programas europeos vinculados coa innovación educativa de cara á era dixital.

## A XUNTA DE GALICIA NOMEA A ILDEFONSO DE LA CAMPA NOVO DIRECTOR XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- *É natural de Vigo e ata hai uns meses ocupaba o cargo de Director General de Migraciones na Secretaría General de Inmigración y Emigración, dependente do Ministerio de Empleo y Seguridad Social*
- *Ten experiencia na Xunta de Galicia, onde traballou nos gabinetes de Presidencia, antiga Consellería de Emigración e Cooperación Exterior e da Secretaria Xeral de Emigración e na actualidade era asesor na Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Ildefonso de la Campa Montenegro como director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade en substitución de Fabiola García Martínez, nova conselleira de Política Social.

Ildefonso de la Campa, de 51 anos de idade e natural de Vigo, cursou estudos na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Ocupou o cargo de asesor da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas e da Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia, para incorporarse a continuación á Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta como asesor de protocolo, relaciones públicas e acción exterior, posto no que foi o encargado da planificación e coordinación de axenda con institucións e organizacións internacionais.

Posteriormente, De la Campa Montenegro exerceu labores de xefe de Gabinete na extinta Consellería de Emigración, Inmigración e Cooperación Exterior e na Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia. Tamén foi director xerente da Fundación Pública Galega "Axencia Humanitaria de Galicia", encargada de coordinar a resposta da administración pública galega y dos servizos de emerxencia de Galicia en catástrofes humanitarias no estranxeiro.

Ildefonso de la Campa tamén traballou na empresa privada como director xeral en dúas empresas especializadas na planificación, xestión e seguimento de proxectos estratéxicos en diferentes sectores produtivos i é autor de diferentes publicacións no ámbito das migracións e dos dereitos humanos.

Ata hai uns meses o novo director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social ocupaba o cargo de Director General de Migraciones na Secretaría General de Inmigración y Emigración, dependente do Ministerio de Empleo y Seguridad Social e na actualidade era asesor na Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia.

---

## **MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA É NOMEADA SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de María Jesús Lorenzana Somoza como secretaria Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e que ata o de agora e dende outubro de 2015 ocupaba este mesmo posto na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Anteriormente, foi tamén secretaria Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar.

Licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña en xuño de 2004, María Jesús Lorenzana é, desde o ano 2007, letrada da Xunta de Galicia. Letrada nivel 28 da asesoría xurídica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e posteriormente da Consellería de Traballo e Benestar desde 2007 ata 2010, compaxinou durante o primeiro ano funcións consultivas con funcións xurisdiccionais en defensa da Administración autonómica.

Desempeñou o labor de letrada nivel 28 da Asesoría Xurídica Xeral —Gabinete de asesoramento e apoio á actualización normativa— desde marzo de 2010 a novembro de 2011. Desde esa data e ata o seu nomeamento como secretaria xeral en febreiro de 2013, traballaba na asesoría xurídica da Presidencia da Xunta. María Jesús Lorenzana Somoza ten impartido cursos de formación dirixidos a empregados públicos no ámbito da contratación pública, de procedemento administrativo e en materia de técnica de redacción de informes, así como cursos de teleformación sobre os aspectos legais de creación, reutilización e difusión de contidos dirixidos a persoal docente da Xunta.

Ademais, Lorenzana Somoza é tamén secretaria de tribunal en diferentes procesos selectivos da Administración autonómica e publicou artigos na revista da Asesoría Xurídica da Xunta.

---

## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS A SILVESTRE BALSEIROS**

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o nomeamento de Silvestre José Balseiros Guinarte como director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e director do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), dentro da Consellería do Medio Rural.

Nado en Cerdedo (Pontevedra) en 1961, Silvestre Balseiros era ata o de agora deputado autonómico polo Partido Popular, vocal da comisión especial do forestal e de incendios e portavoz desta mesma área dentro do grupo parlamentario popular.

Diplomado en Lingua Administrativa e Xurídica Galega e técnico informático na especialidade de aplicacións para a Administración Local, a súa experiencia profesional e carreira política estivo sempre moi vinculada ao ámbito municipal, tanto en calidade de empregado público na Delegación Provincial de Estatística en Pontevedra como, posteriormente, no Concello de Cerdedo.

Neste municipio pontevedrés exerceu primeiro de tenente de alcalde e logo de rexedor, entre xaneiro de 2005 e outubro de 2016. Posteriormente desempeñou a vicepresidencia do concello de Cerdedo-Cotobade. Foi tamén deputado provincial por Pontevedra na lexislatura 2007-2011 e vicepresidente do Consorcio Galego de servizos de Igualdade e Benestar, dende xuño de 2006 ata novembro de 2017.

Xa como deputado no Parlamento galego, onde accedeu en novembro de 2016, estivo como vocal en diferentes comisións, entre elas a de Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sendo tamén membro da Deputación Permanente da Cámara.

## **A XUNTA APROBA UN DECRETO POLO QUE SE UNIFICA O SISTEMA DE INFORMACIÓN DE DIAGNÓSTICOS DE INFECCIÓN POLO VIH**

- *Neste novo sistema incluírase a información que ata o de agora se recollía no Rexistro Galego de Sida e no Sistema de información galego sobre a infección polo VIH*
- *A finalidade desta normativa é coñecer a evolución temporal e xeográfica da infección polo VIH en Galicia*

O Consello da Xunta, reunido no día de hoxe, vén de aprobar un Decreto polo que se crea e se regula o Sistema de Información de Diagnósticos de Infección polo Virus de Inmunodeficiencia Humana de Galicia (SIDIVIHG), unificando a información que ata o de agora se recollía no Rexistro Galego de Sida e no Sistema de información galego sobre a infección polo VIH. O Goberno galego leva a cabo esta medida xa que as recomendacións técnicas dos organismos oficiais que traballan contra esta pandemia (ONUSIDA, Centro Europeo para a Prevención e Control de Enfermidades e Centro para a Prevención e Control de Enfermidades de Atlanta) son favorables á unificación dos rexistros.

A finalidade do SIDIVIHG é coñecer a evolución temporal e xeográfica da infección polo VIH en Galicia, a súa distribución entre a poboación con diferentes prácticas de risco e, de ser o caso, a súa evolución a sida e/ou falecemento, e así dispoñer da información necesaria para tomar as medidas adecuadas de cara a minimizar os efectos da infección polo VIH na poboación galega.

Segundo o decreto, todo o persoal médico en exercicio de institucións sanitarias públicas ou privadas no ámbito territorial galego está obrigado a declarar os casos de diagnósticos de infección polo VIH, a súa posible evolución a sida e/ou falecemento ao órgano superior con competencias en materia de saúde pública da consellería competente en materia de sanidade. Todo iso farase respectando os principios de confidencialidade, rapidez e utilidade, de tal xeito que en todos os niveis do SIDIVIHG se adoptarán as medidas necesarias para garantir a seguridade dos datos declarados.

O decreto hoxe aprobado polo Executivo galego consta de nove artigos relativos ao seu obxecto; ámbito de aplicación; finalidade do SIDIVIHG; órgano responsable e integración na Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública; definicións, así como declaración obligatoria de casos detectados; procedemento da declaración e; ademais, protección de datos.

---

A información que á entrada en vigor deste decreto figure no Rexistro galego de Sida e no Sistema de Información Galego de Infección polo VIH incorporárase ao SIDIVIHG no prazo de seis meses.

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA EN PROL DA PROTECCIÓN E BENESTAR DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA E POLA LOITA CONTRA O SEU ABANDONO E MALTRATO**

A sociedade galega debe ser responsable da saúde e benestar dos nosos animais de compañía, debe ser plenamente consciente e asumir as obrigas e responsabilidades inherentes á súa tenza e rexeitar con rotundidade todas aquelas condutas que poidan implicar o seu maltrato.

As actuacións desenvolvidas nestes últimos anos poñen de manifesto a indiscutible aposta do Goberno da Xunta de Galicia pola protección destes animais.

A recente Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (lei 4/2017, do 3 de outubro) establece claramente os obxectivos a acadar, entre os que destacan:

- Fomentar e afianzar a tenza responsable dos animais, defendendo os seus dereitos e compatibilizando estes co seu gozo e compañía.
- Loitar contra o abandono dos animais de compañía, establecendo políticas preventivas de concienciación, esterilización e identificación, así como paliativas, apoiando a labor das entidades protectoras e centros de acollida, no fomento da adopción responsable e meditada como medio de adquisición dun animal de compañía.

Esta norma constitúe un sólido pilar sobre o que se deberán asentar as políticas en materia de benestar e protección dos animais de compañía nos vindeiros anos na nosa comunidade autónoma, situando deste xeito a Galicia entre as rexións europeas cunha normativa en materia de protección animal máis avanzada e mais acorde coas demandas da nosa sociedade.

Como non podería ser doutro xeito, compre lembrar que esta norma foi aprobada como resultado dun amplo consenso, xa que entre as liñas do texto aprobado finalmente no Parlamento de Galicia atópanse as aportacións realizadas por máis de 300 cidadáns e colectivos e o 80% das emendas realizadas polos diferentes grupos parlamentarios da cámara galega.

O goberno da Xunta comprométese a seguir prestando o seu apoio no desenvolvemento de medidas de protección destinadas aos animais de compañía abandonados, como son a promoción da esterilización e identificación dos animais abandonados e que posteriormente serán entregados en adopción.

De igual xeito, considérase fundamental seguir traballando na formación, divulgación e sensibilización da poboación, utilizando o coñecemento e a información como ferramenta principal para alcanzar á sociedade e conseguir a súa implicación total nesta materia, para o que se considera imprescindible o importante papel das asociacións protectoras de animais.

O desenvolvemento regulamentario no que se está a traballar constituirá sen dúbida unha ferramenta imprescindible para conseguir asentar estes fins e obxectivos,



buscando o máximo nivel de protección e benestar dos animais e introducindo aspectos relevantes e novidosos sobre o recoñecemento da súa condición de seres vivos dotados de sensibilidade física e psíquica.

O Goberno da Xunta de Galicia comprométese a continuar afondando na loita contra o abandono e o maltrato dos animais de compañía, co obxecto de acadar o máximo nivel de protección e benestar destes animais na nosa Comunidade Autónoma.



---

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DE TRES ADDENDAS AOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E AS FEDERACIÓNS GALEGAS DE CICLISMO, ATLETISMO E SURF**

- *A addenda ao convenio de colaboración coa Federación Galega de Ciclismo posibilita a incorporación da Volta Ciclista a Galicia dentro do programa 'Proxectos de Especial Relevancia' que conta cun financiamento de 60.000 euros*
- *Ademais incorpóranse catro eventos dentro do programa 'Proxectos de Especial Relevancia' da Federación Galega de Atletismo, aumentando en 10.000 euros o importe do convenio; e outro evento no mesmo programa da Federación Galega de Surf, cun importe de 810 euros*
- *A partida destinada ás transferencias ás 58 federacións deportivas galegas aumenta en 70.810 euros ata chegar aos 3.647.896 euros, rexistrando un aumento do 9% con respecto á cantidade destinada en 2017*

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura de tres addendas aos convenios de colaboración asinados entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as Federacións Galegas de Ciclismo, Atletismo e Surf.

A addenda ao convenio de colaboración coa Federación Galega de Ciclismo posibilita a incorporación da Volta Ciclista a Galicia dentro do programa 'Proxectos de Especial Relevancia' que conta cun financiamento de 60.000 euros polo que o importe global do convenio pasa dos iniciais 99.041 euros a 159.041 euros para a anualidade de 2018.

No caso do convenio coa Federación Galega de Atletismo, este pasará de 186.437 euros a 196.437 euros ao incrementarse en 10.000 euros para a incorporación do XXII Memorial Alejandro Lorenzo; o I Encontro de probas combinadas; o Campionato de España de Clubs de 1ª división -1ª xornada homes- e Campionato de España de Clubs de 1ª división -1ª xornada Mulleres-, dentro do programa 'Proxectos de Especial Relevancia'.

A addenda relativa ao convenio coa Federación Galega de Surf posibilitará a incorporación do Campionato de España de SUP Race 2018 dentro do programa 'Proxectos de Especial Relevancia' que terá un importe de 810 euros incrementando a cantidade inicial do convenio ata os 29.354 euros.

A partida destinada ás transferencias ás 58 federacións deportivas galegas para 2018 aumenta en 70.810 euros ata chegar aos 3.647.896 euros, rexistrando un aumento do 9% con respecto á cantidade destinada en 2017 (3.345.216,20 euros).

---

## O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO PROXECTO DE INTERMODAL DE VIGO, QUE PERMITE LICITAR AS OBRAS DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES, DESENVOLVER OS ACCESOS E INICIAR A EXECUCIÓN DO CENTRO VIALIA

- *Os proxectos básicos das estacións e o proxecto de trazado dos accesos están xa rematados, atopándose en redacción os proxectos construtivos.*
- *O Goberno galego licitará proximamente as obras da terminal de autobuses e cofinanciará os accesos, cun orzamento de preto de 15,8 millóns de euros*
- *A Xunta ten avanzado o proceso para axilizar a contratación das obras da estación de autobuses coa publicación no Diario Oficial da Unión Europea, que reduce o prazo de presentación de ofertas de 35 a 15 días naturais*
- *O Executivo autonómico cumpre co convenio de colaboración Xunta, Concello de Vigo e Ministerio de Fomento, para o cofinanciamento dos accesos da estación intermodal e do centro Vialia, cun investimento conxunto de máis de 10,7 millóns de euros*
- *A Xunta de Galicia impulsa o proxecto da intermodal a través da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, que coa anulación en 2015 do PXOM de Vigo impedía a execución da intermodal*
- *A solicitude de Adif – Alta velocidade recibiu xa autorización comercial autonómica para a implantación da primeira fase do centro Vialia estación de Vigo, o que corresponde a 35.000 m<sup>2</sup> de edificabilidade*
- *O departamento de Estradas do Ministerio de Fomento emitiu xa o seu informe favorable ao proxecto integrador para efectos urbanísticos, condicionado á redacción dun proxecto construtivo que está a redactar*
- *Corresponde ao Concello de Vigo o inicio do procedemento de alteración da ordenación urbanística, conforme a Lei do solo de Galicia, e a posta á disposición dos bens e dereitos afectados polo proxecto*

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao proxecto de intermodal de Vigo, ao aprobar hoxe o proxecto integrado centro Vialia estación de Vigo fase 1, e terminal de autobuses, para dotar a cidade dunha nova infraestrutura de transporte esencial como nexo de comunicación e garante dun modelo de mobilidade máis sustentable.

Esta acordo do Executivo autonómico habilita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para iniciar este mesmo ano a licitación das obras da nova estación de autobuses integrada na terminal de ferrocarril de Vigo, dispoñendo dun orzamento aproximadamente 15,8 millóns de euros, e cuxo importe inclúe a achega autonómica para cofinanciar os accesos.

Coa aprobación da fase 1 do proxecto da intermodal, o Goberno galego fai posible non só licitar as obras da estación de autobuses, cun investimento da Xunta de arredor de

12,3 millóns de euros, senón tamén desenvolver os accesos e posibilita que se inicie a execución do Centro Vialia. Os proxectos básicos das estacións e o proxecto de trazado dos accesos están rematados, atopándose en redacción os proxectos construtivos.

O Executivo galego coa vista posta en axilizar o inicio das obras da nova estación de autobuses intermodal de Vigo, ten xa avanzado o proceso que permitirá axilizar a contratación desta intervención. O pasado mes de xullo o departamento de Infraestruturas da Xunta publicou no *Diario Oficial da Unión Europea* o anuncio previo da licitación das obras da terminal de autobuses, trámite que permite reducir o prazo de presentación de ofertas, desde o mínimo establecido de 35 días naturais ata 15 días naturais, acurtando así a duración do período de contratación.

A Xunta cumpre así co compromiso adquirido no convenio de colaboración asinado pola Xunta, o Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento, a través de Adif, para o cofinanciamento dos accesos da estación intermodal e do centro Vialia, cun investimento conxunto de mais de 10,7 millóns de euros e unha achega autonómica de 1,7 millóns de euros.

A Xunta de Galicia desbloqueou este proxecto e promoveu o seu avance a pesar de que o Plan xeral de ordenación municipal de Vigo foi anulado en 2015. Coa tramitación do proxecto a través da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, as intervencións na intermodal de Vigo contan con todas as garantías xurídicas sen necesidade de esperar a tramitación dun novo planeamento.

Unha vez rematado por parte do Ministerio de Fomento o encaixe técnico dos accesos no proxecto conxunto que integran a estación de autobuses, a estación de ferrocarril e o Centro Vialia, e emitido o informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo, a Xunta culmina a súa tramitación como unha única actuación a través de la Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese.

A Xunta de Galicia está a apostar con determinación pola intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte.

Con esas premisas, a execución da estación de autobuses ao carón do Vialia estación de ferrocarril, permitirá aos usuarios o cambio de transporte dun xeito máis rápido e cómodo, a través dunha zona habilitada especialmente, de xeito seguro e adaptado para as persoas con mobilidade reducida.

Ademais, en harmonía cos proxectos das estacións, e grazas á aprobación do proxecto integrador, executaranse os accesos de forma independente a cada edificio e evitarase mesturar esta tipo de tráfico co provinte do centro urbano.

Por outra parte, tamén se acondicionará a praza de acceso que estará dotada de zona de taxis, *kiss&ride* e cunha entrada e saída directas dos autobuses á zona de dársenas.

### **Resumo dos trámites**

Sinalar que derivado do trámite de consultas que se levou a cabo segundo o indicado na citada Lei 3/2016, a solicitude de Adif – Alta velocidade recibiu xa autorización comercial autonómica para a implantación da primeira fase do centro Vialia estación de Vigo, o que corresponde a 35.000 m2 de edificabilidade lucrativa. Sendo necesario na segunda fase realizar novos trámites.

Tamén o departamento de estradas do Ministerio de Fomento emitiu xa o seu informe favorable ao proxecto integrador para efectos urbanísticos, condicionado á redacción dun proxecto construtivo que se está a redactar.

Finalmente corresponde ao Concello de Vigo o inicio do procedemento de alteración da ordenación urbanística, conforme a Lei do solo de Galicia e a posta á disposición dos bens e dereitos afectados polo proxecto.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA PASARELA QUE UNIRÁ AS ESTACIONS DE TREN E AUTOBUSES NA INTERMODAL DE SANTIAGO, CUN INVESTIMENTO DE 5,6 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego iniciará de forma inmediata a contratación das obras, que se acompañarán ás da nova estación de autobuses xa en construción*
- *Ademais de contratar e executar as obras, a Xunta cofinancia a actuación con case 1,7 millóns de euros, que se suman aos 10,4 millóns da terminal de autobuses*
- *En total, a achega da Xunta á intermodal de Santiago superará os 12 millóns de euros, contribuíndo a desenvolver todo o potencial que suporá a chegada do AVE a Galicia*
- *Ademais de facilitar a intermodalidade entre os modos de transporte, a pasarela que irá desde a rúa do Hórreo ata Clara Campoamor, achegará dous barrios da cidade historicamente separados polas vías do tren, o Ensanche e Pontepedriña*
- *Nesta intervención distínguense 3 zonas, unha, cara á cidade, outra, na zona central sobre vías e andéns, e cuxa construción estará condicionada polo funcionamento da estación de ferrocarril, e a terceira zona da estación de autobuses*
- *Trátase dunha estrutura cuberta con lucernarios e fachadas translucidas, duns 5 metros de altura e un ancho que varía entre os 8 e 12 metros, e unha lonxitude de beiravías que vai dende os 8 aos 12 e 16 metros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da obra da pasarela peonil que conectará as terminais de ferrocarril e autobús na estación intermodal de Santiago, cun orzamento de preto de 5,6 millóns de euros, dos cales o Goberno galego achegará preto de 1,7 millóns de euros.

Deste xeito o Executivo autonómico está a apostar con determinación pola intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte.

Mediante este acordo o Goberno galego habilita a Consellería de Infraestruturas e Vivenda para licitar de forma inmediata as obras de construción da pasarela, que se acompañarán aos traballos xa en marcha de execución da nova estación de autobuses, na que a Xunta inviste 10,4 millóns de euros.

Ambos elementos, a nova estación de autobuses e a pasarela de interconexión entre terminais conforman a primeira fase da estación intermodal de Santiago. Co cofinanciamento das obras da pasarela a achega da Xunta á intermodal de Santiago superará os 12 millóns de euros, contribuíndo a desenvolver todo o potencial que suporá a chegada do AVE a Galicia, e estender os seus beneficios máis alá das grandes



ciudades, xa que os cidadáns que cheguen a Compostela en autobús terán un acceso moito máis áxil e cómodo ao ferrocarril.

Coa licitación das obras de construción da pasarela de conexión urbana da estación intermodal de Santiago, o Goberno galego dá cumprimento ao convenio asinado o pasado 28 de maio, que recolle que o departamento de Infraestruturas da Xunta executará e financiará cun 30% o custo da nova pasarela, o mesmo que Concello de Santiago, que asumirá ao seu remate a súa conservación. E a entidade pública Adif redactou o proxecto e financiará o 40% das obras.

Unha vez licitada a pasarela, o Goberno galego axilizará a súa contratación e posterior execución, co obxectivo de poder compaxinar o remate das dúas intervencións para que a terminal de autobuses inicie a súa explotación integrada na estación intermodal.

### **A nova pasarela**

Ademais de facilitar a intermodalidade entre os modos de transporte, a pasarela, que irá desde a rúa do Hórreo ata Clara Campoamor, achegará dous barrios da cidade historicamente separados polas vías do tren, o Ensanche e Pontepedriña

Nesta intervención distínguense 3 zonas representativas, unha, cara á cidade, outra, que é zona central sobre vías e beiravías, nos que a construción estará condicionada polo funcionamento da estación de ferrocarril, e unha terceira zona da estación de autobuses.

Todas as actuacións a desenvolver teñen como obxecto a integración da contorna urbana e a procura da harmonía no seu entorno. Isto afecta o proxecto da pasarela e ao acondicionamento da praza Clara Campoamor por un lado, e a obra da estación de autobuses que xa está executando a Xunta de Galicia e os accesos dende a Avenida Clara Campoamor, cuxo proxecto é competencia do Concello.

A execución da pasarela peonil urbana que conectará a estación de ferrocarril coa nova estación de autobuses servirá para a mellora da conexión entre dúas zonas da cidade de Santiago separadas pola infraestrutura ferroviaria, garantindo o tránsito dos usuarios entre a rúa Clara Campoamor e a estación de ferrocarril.

A estrutura da pasarela está formada por dúas partes diferenciadas, a plataforma de formigón e estrutura metálica porticada, dependendo dos usos e da zona sobre a que se sitúe. Terá un ancho que varia entre os 8 e 12 metros, unha altura media de 5 metros e unha lonxitude de vanos que vai dende os 8, aos 12 e 16 metros ademais a pasarela executarase cunha cuberta con lucernarios e fachadas cun deseño translucido.

Na segunda fase do proxecto, o Ministerio de Fomento completará a reforma da estación de ferrocarril, chegando o investimento total previsto a máis de 41 millóns de euros.

---

## **A XUNTA PON EN MARCHA A PRIMEIRA EDICIÓN DO PLAN DE TALENTO DIXITAL CON 30 INICIATIVAS PARA IMPULSAR AS VOCACIÓNS TECNOLÓXICAS E A ESPECIALIZACIÓN DOS PROFESIONAIS TIC**

- *DigiTalent 2020 arranca este curso con máis de 2.500 prazas en actividades para o fomento das vocacións STEM, de adaptación aos novos perfís dixitais e de formación de E-líders*
- *É un plan integral que abrangue todo o rango de idades para reducir a fenda entre a demanda e a oferta de perfís profesionais dixitais*

A Xunta pon en marcha a primeira edición do Plan de Promoción do Talento Dixital de Galicia, DigiTalent 2020, para reducir a fenda entre a dispoñibilidade de traballadores con competencias dixitais e a crecente demanda destes perfís no mercado laboral. Para avanzar neste obxectivo DigiTalent contempla 30 iniciativas en tres eixos de actuación: impulsar as vocacións STEM, promover a adaptación aos novos perfís dixitais e a formación de E-líders para a transformación dixital.

Nesta primeira edición ofértanse máis de 2.500 prazas para a trintena de actividades do Plan. DigiTalent abrangue o ciclo vital da persoa: a infancia, con medidas para espertar as vocacións TIC desde idades temperás; a xuventude con actuacións para facilitar a especialización e a madurez, ofrecendo capacitación específica para perfís directivos. Na primeira quincena de outubro o portal da Amtega ofrecerá información actualizada das actividades en marcha.

DigiTalent fórmulase como unha iniciativa aberta con achegas da propia Administración autonómica e dos axentes do ecosistema dixital, entre os que están as 12 empresas que en 2013 se adheriron ao Pacto Dixital da Xunta para impulsar o crecemento tecnolóxico da Comunidade.

### **Primeiro eixo: impulso das vocacións STEM**

Aínda que un 50% dos alumnos galegos matriculados en bacharelato cursan a rama de ciencia e tecnoloxía, a maioría non chega a matricularse nunha carreira STEM (estudos científicos, tecnolóxicos, en Enxeñarías ou Matemáticas). Por iso o primeiro eixo do Plan contempla ata doce iniciativas para fomentar o atractivo vocacional das profesións científico-tecnolóxicas entre a poboación máis nova, especialmente entre as mozas con iniciativas específicas como GirlStem mentoring.

Para mostra o atractivo das profesións STEM nas etapas escolares *Tecnólogo por un día*, ofrecerá a rapaces e rapaces de entre 12 e 17 anos, a oportunidade de experimentar en primeira persoa a xornada laboral dun profesional do sector. A iniciativa *Digitalia*, incorporarán actividades e obradoiros TIC aos obradoiros de verán.



### **Segundo eixo: fomento de novos perfís dixitais**

Calcúlase que Europa contará con 500.000 postos vacantes para profesionais TIC no 2020 e que nos vindeiros anos o 90% das profesións requirirán de novas competencias dixital.

Para afrontar estes cambios DigiTalent contempla ata nove actuacións diferentes para ofrecer capacitación continua aos profesionais e adaptación aos novos perfís dixitais con accións formativas e de asesoramento como o programa de becas *Áncora* para estudantes universitarios de carreiras STEM e disciplinas afíns ás TIC. Nesta mesma liña contémpanse sesións divulgativas de novos perfís dixitais ou o Observatorio Tecnolóxico DXC.

### **Terceiro eixo: E-líders para a transformación dixital**

Europa precisará ata o 2020 entre ata 250.000 perfís profesionais directivos con capacidade de liderar a transformación dixital da súa empresa. Por iso o Plan conta con ata nove medidas para facilitar a estes perfís directivos formación e sensibilización e iniciativas para impulsar o emprendemento e a xeración de ideas innovadoras.

### **Menos do 10% dos galegos se matriculan en carreiras STEM**

Actualmente en Galicia só o 9,3% dos matriculados no sistema universitario cursa carreiras do ámbito do ámbito STEM. Unhas cifras que contrastan coa alta empregabilidade dos profesionais do ámbito dixital. Só na Comunidade o sector tecnolóxico mantivo una taxa de emprego estable en torno ao 1,6%, batendo o seu récord de emprego en 2016 con máis de 16.000 traballadores.

Por estes motivos DigiTalent busca promover que a cidadanía conte coas capacidades necesarias para desenvolverse plenamente no ámbito dixital tanto na súa vida persoal como profesional.

## O PLAN GALEGO DE FORMACIÓN 2018-2019 PERMITIRÁ A 16.515 DESEMPREGADOS ELIXIR A SÚA CUALIFICACIÓN ENTRE MÁIS DE 1.100 CURSOS

- *A Xunta destina a este programa preto de 48 millóns de euros, un 13,4% máis que na convocatoria anterior*
- *Os alumnos poderán por primeira vez escoller o centro e a acción formativa que impartirán as empresas, entidades sen ánimo de lucro e concellos adxudicatarios destas axudas da Consellería de Economía, Emprego e Industria*
- *Na selección dos participantes terán preferencia colectivos como as mulleres, os menores de 30 anos e os parados de longa duración*
- *A inserción laboral alcanzada en pasadas edicións aproximouse ao 60%*
- *Os centros de formación terán a posibilidade de seleccionar directamente o alumnado que, a través da web de Emprego, poderá solicitar a materia na que se desexa formar e coñecer o custo do curso que a Xunta financia ao 100%*
- *Ofértanse accións formativas nas catro provincias galegas e nos principais sectores da economía, como o metal, as TIC, a automoción, o turismo e a hostalería, a construción, os servizos sociais, o comercio, o transporte, a sanidade e a seguridade e ambiente*

A Xunta porá en marcha nas próximas semanas o Plan galego de formación 2018-2019, que permitirá que un total de 16.515 persoas sen emprego poidan elixir a súa cualificación a través dunha oferta de máis de 1.100 cursos.

O Goberno galego introduce este ano novidades nesta iniciativa que forma parte do esforzo que está a facer da Administración autonómica, a través da Axenda 20, para incrementar e mellorar as oportunidades laborais dos galegos e galegas e para adaptar a formación ás demandas reais do tecido produtivo. A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina a este programa preto de 48 millóns de euros, un 13,4% máis que na convocatoria anterior.

Deste xeito, os alumnos e alumnas poderán, por primeira vez, escoller o centro e a acción formativa que se impartirá en empresas, entidades sen ánimo de lucro e concellos que son os adxudicatarios das axudas da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Ademais, os centros de formación terán a posibilidade de seleccionar directamente o alumnado. Ata o de agora a elección só correspondía ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

Así, o alumnado poderá solicitar o centro e a materia na que se desexa formar a través do portal de Emprego <https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/gl/buscador-de-formacion>. Tamén terá por primeira vez a posibilidade de coñecer o custo do curso no

que se vai cualificar e que a Xunta apoia o 100%. A persoa desempregada poderá obter na web toda a información sobre o curso que lle interesa: a data prevista de comezo, o horario, o lugar onde se imparte e os datos de contacto da entidade, así como a posibilidade de solicitar a preinscrición para o posterior proceso de selección que poderá levar a cabo o centro de formación. A cualificación que se imparta permitirá seguir accedendo a certificados de profesionalidade con validez en todo o Estado e será acorde ás necesidades que demanda o tecido empresarial.

As accións formativas terán un custo por alumno de entre 266 e 6491 euros. Ofértanse cursos nas catro provincias galegas e nos principais sectores da economía galega, como son o metal e naval, as TIC, a automoción, o comercio e márketing, a construción, o turismo e a hostalaría, o transporte, a sanidade, os servizos sociais, a seguridade e o ambiente, o ámbito agrario, as actividades deportivas ou a industria alimentaria, entre outros. No eido do metal e naval, cada acción formativa ten un custo medio de 5000 euros por alumno; na automoción e nas enerxías renovables, de 3900 euros; e nas TIC e construción, de 3600 euros. Cada curso ten unha media de duración de 6 meses.

### **Inserción media do 60%**

A Xunta continúa impulsando os cursos de formación dirixidos a persoas desempregadas, xa que este tipo de accións formativas alcanzan de media unha inserción laboral próxima ao 60%. Na selección do alumnado terán preferencia as mulleres, parados de longa duración, menores de 30 anos, emigrantes retornados, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, alumnos con baixa cualificación ou persoas que teñan superados un ou varios módulos dun certificado de profesionalidade ou que obtivesen certificados parciais.

O obxectivo do Plan de formación 2018-2019 é o de facilitar o acceso ao mercado laboral das persoas sen emprego de Galicia. Na convocatoria deste ano, a Consellería de Economía, Emprego e Industria ampliou a dotación orzamentaria inicial co propósito de atender o maior número de solicitudes.

A formación para persoas desempregadas e ocupadas é un reto prioritario para o Goberno galego. Por iso, ten en marcha outro tipo de programas, como son as unidades formativas na empresa; os obradoiros duais; ou os plans formativos para sectores específicos, como a automoción, o naval ou o forestal

## A XUNTA ADXUDICA SEIS PROXECTOS QUE MEDIANTE O USO DE VEHÍCULOS NON TRIPULADOS MELLORARÁN A XESTIÓN DO TERRITORIO E A ACTIVIDADE NO SECTOR AGRÍCOLA

- *Enmarcadas no polo tecnolóxico e industrial de Rozas e cun importe mobilizado de 6,36 millóns de euros, son as seis primeiras adxudicacións de Compra Pública Innovadora (CPI) do Programa de Solucións*
- *Un total de seis consorcios formados por 12 empresas e un centro tecnolóxico desenvolverán tres propostas para dar soporte á planificación urbanística e outras tres ofrecerán servizos para mellorar a competitividade no medio rural*
- *O 75% das compañías son galegas e o 63% traballan por primeira vez dentro do polo de Rozas, co que se cumpre o obxectivo de dar oportunidades ás pequenas e medianas empresas da Comunidade*
- *Grazas á aposta da Administración autonómica pola CPI poderán desenvolverse iniciativas que permitirán prestar, con maior eficiencia, servizos públicos adecuados ás necesidades reais dos cidadáns*

A Xunta vén de adxudicar, por importe de 6,36M€, os seis primeiros contratos dos 10 licitados a través da Compra Pública Innovadora (CPI), dentro do Programa de Solucións do polo tecnolóxico e industrial de Rozas. A través destes proxectos, baseados na utilización de vehículos non tripulados, obterase nova información xeolocalizada que permita unha mellor xestión e planificación eficiente do territorio, así como un aproveitamento máis óptimo dos recursos do medio rural, en especial de toda a actividade económica vinculada ao eido agrícola.

En total participan seis consorcios formados por 12 empresas e un centro tecnolóxico, que xa manifestaron o seu interese de contar con outros cinco centros de coñecemento galegos e tres empresas máis. Os adxudicatarios desenvolverán para a Xunta de Galicia –que actúa como primeiro cliente– solucións innovadoras para a prestación de servizos públicos mediante o uso de vehículos non tripulados.

Das empresas participantes, o 75% son galegas e o 63% traballan por primeira vez no marco do polo de Rozas, polo que este programa cumpre o seu obxectivo de dar oportunidades ás pequenas e medianas empresas galegas non só do eido aeronáutico, senón tamén doutros sectores estratéxicos para Galicia, xa que a maioría pertencen ás TIC.

En concreto, tres dos contratos foron licitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gai), e contan coa colaboración do Instituto de Estudos do Territorio para desenvolver solucións destinadas á xestión do territorio. A través de vehículos non tripulados, contarase con

máis información, de maior calidade e máis precisa para dar soporte á planificación urbanística do territorio. Desta maneira, poderanse promover novos modelos de negocios vencellados á xeolocalización.

Os outros tres contratos adxudicados foron licitados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) coa colaboración da Consellería do Medio Rural no marco do programa Primare para desenvolver unha plataforma tecnolóxica que mellore a competitividade do sector agrícola, mellorando o seu acceso e posicionamento nos mercados, coa prevención do fraude e a garantía da calidade, seguridade e trazabilidade dos produtos.

A previsión é que as catro licitacións restantes do Programa de Solucións se adxudiquen ao longo deste ano e que, proximamente, se licite unha máis para a atención cardiovascular de peregrinos no Camiño de Santiago a través de avións non tripulados.

Cunha mobilización inicial programada de 150 millóns de euros, o polo tecnolóxico e industrial de Rozas -ademais deste Programa de Solucións financiado ao 80% con fondos Feder- inclúe un investimento de 115M€ a través do programa de I+D, no que a Xunta conta con dous socios estratéxicos, Indra e Babcock, que aportan 75 millóns. Ademais, existe un orzamento de 10M€ para o Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR).

Grazas ao uso da Compra Pública Innovadora (CPI) a Administración galega poderá contar con solucións innovadoras que redundarán nunha mellora dos servizos públicos que se ofrecen aos cidadáns, máis adecuados ás súas necesidades e ás tendencias socioeconómicas, ao tempo que se xerará un efecto tractor sobre o tecido empresarial que permitirá incrementar a competitividade das compañías galegas e a creación de emprego cualificado.

Este programa é unha mostra da aposta que a Xunta está a facer pola CPI que, no período 2007-2013, permitiu que Galicia executase preto do 40% de toda a Compra Pública Innovadora contratada en España e que, neste período 2014-2020, está a executar fondos por importe de 100M€.

### **Aceleradora aeronáutica**

Este novo paso adiante no polo tecnolóxico e industrial de Rozas súmase ao que recentemente deu a Xunta coa autorización do convenio de colaboración entre a Administración galega –a través de Gain, Igape e XesGalicia– coa Fundación CEL - Iniciativas por Lugo, o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e as empresas Indra e Babcock para a posta en marcha da primeira aceleradora galega

centrada no sector aeronáutico, Nesta iniciativa xa está previsto mobilizar, como mínimo, 4,75 millóns de euros ata o 31 de decembro de 2021; e agárdase impulsar 19 iniciativas empresarias que poderán xerar ao redor de 60 empregos.



## A CONSELLERÍA DE SANIDADE MERCA 608.000 DOSES PARA A CAMPAÑA DA GRIPE, 48.000 MÁIS QUE O ANO PASADO

- *Ofértase por primeira vez ao persoal sanitario do Sergas a posibilidade de vacinarse unha semana antes do inicio da campaña*
- *O orzamento destinado para a compra das vacinas supera este ano os 2,1 millóns de euros*
- *A campaña iniciárase o vindeiro 22 de outubro e finalizará o 28 de decembro*

A Consellería de Sanidade incrementa neste ano 2018 o número de doses de vacina antigripal adquiridas cun total de 608.000 doses, fronte ás 560.000 doses iniciais da campaña anterior. O orzamento para a compra destas vacinas ascendeu a 2.183.220 euros, 226.980 euros máis que no ano 2017. Segundo informou o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, a campaña da gripe iniciárase o día 22 de outubro e rematará o 28 de decembro co obxectivo fundamental de minimizar o impacto da gripe na poboación de Galicia mediante a súa prevención, tentando diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas do padecemento da gripe.

Entre as novidades da campaña deste ano destaca a oferta ao persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde da oportunidade de comezar a vacinarse desde o día 15 de outubro, unha semana antes do comezo da campaña, para que, deste xeito, poidan afrontala protexidos fronte a esta enfermidade, evitando o risco de transmisión da gripe aos seus pacientes.

Ademais, nunha aposta pola importancia que nesta campaña ten a vacinación dos sanitarios, distribuiranse entre o persoal vacunado unhas chapas co lema "Eu vacineime. E ti?" para singularizar aos profesionais comprometidos coa vacinación.

### **Poboación diana e obxectivos específicos**

A campaña estacional da gripe oferta a vacinación a todas as persoas incluídas nos grupos de risco, de xeito totalmente gratuíto. A vacina antigripal diminúe a frecuencia de complicacións derivadas desta enfermidade e, tamén, o risco de hospitalización e morte relacionada coa gripe nas persoas maiores, naquelas institucionalizadas, nas mulleres embarazadas e noutras persoas con patoloxías previas.

Esta campaña anual achega beneficios en saúde e tamén beneficios sociais ao diminuír o absentismo, a mortalidade e os custos de atención sanitaria reducindo consultas, hospitalizacións e tratamentos relacionados coa gripe.

A vacinación ofértase gratuíto para as persoas de 60 ou máis anos, residentes en institucións pechadas de calquera idade, mulleres embarazadas e tamén para

aquelas persoas entre 6 meses e 59 anos con factores de risco que os predispoñen a padecer complicacións derivadas da gripe. Ademais, ofertarase a vacina a persoas que lle poden transmitir a gripe a outras con alto risco de complicacións (entre os que se atopan os traballadores sanitarios) e tamén para persoas que desenvolven servizos esenciais para a comunidade.

Os obxectivos específicos son acadar unha cobertura na poboación de 60 a 64 anos igual ou superior ao 35%, conseguir unha cobertura na poboación de 65 ou máis anos igual ou superior ao 65%, conseguir unha cobertura vacinal nos traballadores sanitarios do Servizo Galego de Saúde superior ao 40%, e acadar unha cobertura nas mulleres embarazadas igual ou superior ao 40%

### **Tipos de vacina**

Empréganse este ano tres tipos de vacina: a vacina convencional, que é unha antigripal inactivada de antíxenos de superficie e que pode ser utilizada a partir dos 5 anos de idade. A vacina de antíxenos de superficie inactivados con adxuvante, indicada para as persoas de 75 ou máis anos e para as ingresadas en residencias de 65 ou máis anos xa que esta vacina ten unha maior inmunoxenicidade e xera unha resposta inmune máis potente neste grupo de persoas cun maior risco de complicacións. E a vacina tetravalente de virus fraccionados e inactivados con 4 compoñentes que se empregará para as mulleres embarazadas e os rapaces/as de menos de 15 anos con factores de risco.

Este ano adquiríronse inicialmente 608.000 doses de vacinas antigripais, das que 325.000 corresponden a vacina antigripal convencional; 260.000 doses de vacina adxuvada, e 23.000 doses de vacina tetravalente.



## AS ELECCIÓNS ÁS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE GALICIA REXISTRARON UNHA PARTICIPACIÓN DE ALGO MÁIS DO 62% DO ELECTORADO

- *Por provincias, respecto ao número de electores, a que rexistrou maior participación foi Pontevedra cun 66,7%, seguida da Coruña cun 58,6% e a que menos participación rexistrou foi Lugo con algo máis do 38,3%*
- *Neste proceso escolléronse os membros da xunta xeral, de onde sairá elixido o patrón maior*
- *O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe que recolle os resultados acadados no proceso electoral aos órganos reitores das confrarías de Galicia, celebrado a pasada fin de semana*

Máis do 62% do electorado participou a pasada fin de semana nas eleccións unificadas para a renovación dos órganos reitores das confrarías de pescadores de Galicia. As eleccións foron celebradas en 59 das 63 confrarías que hai en Galicia, xa que no Vicedo, en Fisterra, en Sada e en Mera non foi necesario votar ao coincidir o número de candidatos co número de vogais que tiñan que ser elixidos. Así o reflicte un informe sobre o proceso electoral avaliado hoxe polo Consello da Xunta.

O informe recolle que a participación respecto ao número de electores a nivel Galicia foi de algo máis do 62%, unha cifra semellante ás eleccións nas confrarías celebradas no ano 2014. Por provincias, a que rexistrou maior participación foi Pontevedra, cun 66,7%. A segunda provincia que rexistrou maior participación foi A Coruña, cun 58,6%. Por outra banda, Lugo foi a provincia na que a participación foi menor, cun 38,3%.

Así, tras a xornada electoral do pasado sábado, a data límite para a constitución da xunta xeral e a elección provisional do patrón maior é o 15 de outubro. O 25 de outubro esta elección deberá ser definitiva e o 26 de outubro será a toma de posesión dos patróns maiores.

Neste proceso, os membros da xunta xeral elixirán o patrón ou patroa maior entre os candidatos presentados. Para o caso de empate, resolverase a favor do membro do xénero infrarrepresentado no censo do sector da produción. No caso de persistir o empate, resolverase, en primeiro lugar, a favor do membro de maior antigüidade, en segundo lugar a favor do membro de maior idade e, se fose necesario, resolverase por sorteo. A continuación e no mesmo acto, a xunta xeral elixirá de entre os seus membros os vicepatróns maiores primeiro e segundo e os vogais do cabido, respectando a paridade e proporcionalidade que se estableceu para a xunta xeral.

---

Todos estes pasos están recollidos na normativa que regula as eleccións, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 5 de maio de 2014 e que regula todo o proceso electoral nas confrarías de pescadores e establece o proceso a seguir en cada momento e detallando todos os pasos. Tal e como establece esta normativa, os comicios desenvólvense en tres partes. En primeiro lugar as eleccións nas confrarías de pescadores de Galicia, despois celebraranse as votacións nas tres federacións provinciais e finalmente elixirase ao presidente da Federación Galega de Confrarías de Galicia.